

Primeiro, le e recorda esta información:

A materia e as súas propiedades

Pode un líquido cambiar a súa forma ou o seu volume? Pódeos cambiar un gas?

Que é a materia?

Todo o que nos rodea, coma este libro ou unha mesa, está formado por materia. A **materia** é todo aquilo que ten masa e ocupa un volume.

- A **masa** é a cantidade de materia que ten un corpo. Mídese en quilogramos e calcúlase mediante balanzas e básculas.
- O **volume** é o espazo que ocupa un corpo. Pódese medir en litros e, para determinalo, úsanse recipientes graduados.

Ademais da masa e do volume, hai outras propiedades que diferencian uns tipos de materia doutros, coma o **brillo**, a **cor** ou a **dureza**.



Se sobes a unha báscula, verás a túa **masa** expresada en quilogramos.

Despois, teredes que ver estes dous vídeos sobre a masa e o volume:

- <https://www.youtube.com/watch?v=swcjamDFsn0&t=125s>

- <https://www.youtube.com/watch?v=5dA0DEeOEEM>

EXERCICIOS:

1. Indica cal dos seguintes materiais ten máis masa e cal ten máis volume.

Este exercicio xa o fixemos na clase, déixovolo por aquí para que lle botedes un ollo e recordedes algúns conceptos.



Cal ten máis masa? O barco

Cal ocupa máis volume? O barco



Cal ten máis masa? A pedra



Cal ocupa máis volume? A pluma




Cal ten máis masa? As lentellas



Cal ocupa máis volume? As lentellas



Cal ten máis masa? O canguro



Cal ocupa máis volume? O canguro



Cal ten máis masa? A mazá



Cal ocupa máis volume? O globo



Cal ten máis masa? O vaso de cristal

Cal ocupa máis volume? Tendo en conta que son do mesmo tamaño, os dous ocupan o mesmo volume



Cal ten máis masa? O móbil

(Bolsa de tea baleita)

Cal ocupa máis volume? a bolsa de tea

Exercicios:

1.É o mesmo a masa e o volume? En que se diferencian?

2. Calcula a masa de cinco obxectos que teñas por casa.

1. _____
2. _____
3. _____
4. _____
5. _____

Que instrumento empregaches para calculalo? En que unidade de medida se expresa a cantidade de masa dun corpo?

3. Busca obxectos seguindo as instrucións:

1. Un obxecto que teña moita masa e ocupe moito volume: _____

2. Un obxecto que teña pouca masa e ocupe moito volume: _____

3. Un obxecto que teña moita masa e ocupe pouco volume: _____